



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
Plaza de León, nº 1-1º D  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



## **ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN COLOMBOFILA GALEGA CELEBRADA O DIA 24 DE FEBREIRO DE 2018.**

En Santiago de Compostela, sendo as dez horas e doce minutos do día 24 de Febreiro de 2018, baixo a presidencia de D. Eliseo Castro López, Presidente desta Federación Colombófila Galega, actuando como secretario D. Manuel Rey San Luis e asistindo os membros da mesma que a continuación se relacionan, iniciase a reunión da Xunta Directiva desta Federación.

### **Asistentes:**

Presidente: D. Eliseo Castro López  
Secretario: D. Manuel Rey San Luis  
Tesoureiro: D. José R. Costas Carbajal  
Vicepresidente 1º: D. Manuel Adolfo Fernández Mallo  
Vicepresidente 2º: D. Enrique Freire Sobral  
Vogal: D. Camilo Pereiro Francés  
Vogal: D. Jaime Manuel López Rodríguez  
Vogal: D. Pedro Becerra González

### **Excusan su asistencia:**

Vogal: D. Alberto Pita Pérez  
Vogal: D. Lois Seijo Castro

Reúnese a Xunta Directiva desta Federación co seguinte orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.**
- 2.- Peche exercicio económico ao 31-12-17 e aprobación das contas anuais.**
- 3.- Coñecemento do balance económico ao 31-01-18**
- 4.- Situación estatutaria de clubs da FCG. – Adaptación de ditos estatutos á lei do Deporte de Galicia.**
- 5.-Data próxima Asemblea Xeral Extraordinaria para a convocatoria de eleccións: En función aprobación Decreto Xunta... (Retrasado ao non ser “Orden” e ter que tramitalo como “Decreto”...)**
- 6.- Expulsión socio de Narón, Don Sergio Manuel Moreira de Sousa, Licenza 18543.**
- 7.-Curso de Xuíces sociais e autonómicos: pospoñer para despois da campaña deportiva 2018.**
- 8.- Rogos e preguntas.**



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
Plaza de León, nº 1-1º D  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



**1º.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dáse lectura por parte do Sr. Secretario á Acta da sesión anterior sendo aprobada por unanimidade.

**2º.- PECHE EXERCICIO ECONÓMICO AO 31-12-17 E APROBACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.**

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao peche económico ao 31-12-2017 presentado ante os membros desta Xunta Directiva, sendo aprobado por unanimidade.

Apróbanse nesta reunión as contas anuais correspondentes ao exercicio económico 2017.

Acordase nesta reunión anular do balance a partida de 750.- € correspondentes á conta nº 446 “Debedores de dubidoso cobro” xa que se levan varios anos facendo diversas xestións para poder cobrar estes cartos sen que ata a data se conseguira.

Acordase tamén anular do balance as partidas obsoletas correspondentes á conta de existencias, xa que se trata de material totalmente obsoleto e inservible.

**3º.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 31-01-18**

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 31-01-18 presentado ante os membros desta Xunta Directiva, sendo aprobado por unanimidade.

En canto ao tema do custo por pomba acordase enviarlles un correo electrónico a cada club notificándolles o prezo inicial de 0,50.- € pomba comunicada en cada solta, realizándose o cobro das pombas por fase finalizada. Regularizando o custo real por pomba ao final da campaña deportiva.

**4º.- SITUACIÓN ESTATUTARIA DE CLUBES DA FCG. – ADAPTACIÓN DE DITOS ESTATUTOS Á LEI DO DEPORTE DE GALICIA.**

Toma a palabra o Sr. Presidente para facer fincapé en canto a obriga dos clubs desta Federación a adaptar os seus estatutos á Lei do Deporte de Galicia xa que de non facelo perderán a condición de federado perante ó Rexistro de Entidades Deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte.

**5.- DATA PRÓXIMA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA PARA A CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS: EN FUNCIÓN APROBACIÓN DECRETO XUNTA... (RETRASADO AO NON SER “ORDEN” E TER QUE TRAMITALO COMO “DECRETO”...)**



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
Plaza de León, nº 1-1º D  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



Toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes o “Decreto” editado pola Secretaría Xeral para o Deporte relativo aos regulamentos deportivos a levar a cabo polas federacións deportivas durante este ano 2018, así como a elaboración do calendario electoral elaborado pola federación, polo que haberá que convocar una reunión da Asemblea Xeral desta federación para aprobar tanto o regulamento como o calendario electoral. Acordándose vindeiro día 21 de Xullo para a celebración da mesma.

#### **6.- EXPULSIÓN SOCIO DE NARÓN, DON SERGIO MANUEL MOREIRA DE SOUSA, LICENCIA 18543.**

Toma a palabra o Sr. Presidente para comentar as conversas que tivo tanto co presidente do club Pombas Mensaxeiras de Narón como co socio D.Sergio Moreira de Sousa, sen chegar a un acordo sobre a renovación deste socio polo club de Narón, asemade, tamén comenta a conversa que tivo co presidente do club Lucense para saber si puidese darse de alta neste club e deste xeito non perder a condición de federado para este ano.

De todas as maneiras e unha vez estudada toda a documentación presentada ante os membros desta Xunta Directiva relativa a este tema que achegaron vía correo electrónico á Secretaría desta Federación tanto o socio D. Sergio Moreira de Sousa como o club Pombas Mensaxeiras de Narón, e ante a difícil solución que presenta este tema para a súa renovación como socio deste club, acordouse nesta reunión tomar as seguintes medidas:

Falar con Sergio Moreira para saber o que quere facer, e en todo caso propoñer unha xuntanza entre as dúas partes para chegar a un acordo de confianza. No caso de que non se celebre a xuntanza e non chegar ao acordo co club de Narón, propoñerlle a renovación da licenza federativa polo club Lucense.

Asemade acórdase enviarlle unha carta ao presidente do club de Narón manifestándolle a mala praxis levada a cabo tanto nas comunicacións enviadas á Federación como á elaboración das actas do club respecto deste tema.

#### **7º.- CURSO DE XUICES SOCIAIS E AUTONÓMICOS: POSPOÑER PARA DESPOIS DA CAMPAÑA DEPORTIVA 2018.**

Toma a palabra o Sr. Presidente para comentar ante os membros asistentes da proposta que fixo da necesidade de nomear máis xuíces nacionais na reunión que tivo da Comisión Delegada e Asemblea Xeral da RFCE na Exposición Nacional en Asturias, sendo contestado polo presidente nacional de xuíces (Sr.Soler) que se está a elaborar un novo regulamento de xuíces.

Debido a isto e que xa temos enriba a campaña deportiva, tomouse a decisión de retrasar á convocatoria dos cursos de xuíces para despois do remate da campaña deportiva.



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
Plaza de León, nº 1-1º D  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



### **8º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

- Sr. Presidente: Aínda que non estaba no Orde do Día desta reunión, comenta a posibilidade da elaboración da licenza federativa deste ano de forma gratuíta baixo o formato da RFCE, **estando de acordo todos os membros asistentes en que se faga deste xeito.**

Comenta tamén o WhatsApp que lle enviou Angel Torres polo tema xurdido polas infeccións das pombas e que sería conveniente tratalo con Guillermo Barrallo. En resposta a este tema polos asistentes a esta reunión foi que debido a que non se trata dunha enfermidade “seria” das pombas, cada club tomaría as medidas sanitarias oportunas para atallar este problema.

Propón enviarlle un borrador das actas das reunións a os membros da Xunta Directiva para posibles rectificacións das mesmas antes de elevalas a definitivas.

- Sr. Camilo Pereiro: propón a instalación dunha “ventilación forzada” nos camións que transportan as pombas para mellorar os viaxes das mesmas. Fai mención a un artigo publicado por Steven van Breemen en canto a este tema.

Facendo un cálculo estimado do custo do mesmo, este non saíría moi caro, sendo bastante fácil a súa instalación.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día da data.

Fdo. Eliseo Castro López  
- Presidente -



Fdo.: Manuel Rey San Luis  
- Secretario -